



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: V Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: V Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

| | | | | | |
|-------------------------|------------|-------------------|-------------|------------------|------|
| CUALIFICACIÓN: | ASISTENCIA | PLAN: | FONDOS EGAP | HORAS: | 6 |
| ADMINISTRACIÓN: | AU CI | ESTADO: | CONVOCADO | ANO: | 2020 |
| MOD.IMPARTICIÓN: | PRESENCIAL | TIPOLOXÍA: | DIVULGACIÓN | EDICIÓNS: | 1 |

DATA MATRÍCULA: Do 24/01/2020 - 08:00h ao 28/01/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á auto-xestión da aprendizaxe, á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.
- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

A V Xornada de formación práctica dixital (E-martes), que terá lugar o vindeiro martes, 4 de febreiro, abordará os seguintes contidos:

- Notificacións electrónicas. Sistema de notificacións electrónicas de Galicia: notifica.gal.
- Identificación dixital (certificados dixitais e Chave).
- Sede Electrónica.

Este contido adaptarase aos dous grupos de persoas ás que vai dirixida a actividade, e constará dunha introdución xurídica (común) e posterior práctica nas aulas de informática da escola.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes. A metade das prazas reservaranse para o colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica, e dentro deste, terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

De acordo co disposto no punto 6 da convocatoria:

2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen ("Administración autonómica" para o persoal empregado público da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais ou "outros" para a cidadanía).

Ao obxecto de xustificar debidamente a prioridade referida no punto 3 da resolución, respecto do persoal empregado público que realiza funcións directamente relacionadas coa materia impartida, poderase achegar a novas.egap@xunta.gal, no prazo de inscrición, a documentación acreditativa que corresponda.

3. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 04/02/2020 a 04/02/2020

NUM. PRAZAS: 50 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NATALIA SOLAR JIMENO

Rodrigo Maquieira Bermejo

Javier Pardo Gómez

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 3 (Informática): O día 04 de febreiro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 04 de febreiro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: O día 04 de febreiro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA